



EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “RELATIVA Á SATURACIÓN NO SERVIZO DE URXENCIAS DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE SANTIAGO (CHUS)”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE MODIFICACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “RELATIVA Á SATURACIÓN NO SERVIZO DE URXENCIAS DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE SANTIAGO (CHUS)”**, de data 16 de xaneiro de 2017.

Proponse a modificación do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

ACORDO

- 1. Solicitar a convocatoria inmediata e urxente do Consello Sectorial de Saúde de Compostela e que se inclúa na correspondente orde do día, como un dos seus puntos, a petición de información á Administración competente sobre a situación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ante a epidemia de gripe producida no actual mes de xaneiro.*
- 2. Instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a que tome as medidas suficientes para garantir en todo momento unha atención axeitada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).*

✓ Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular